

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2020.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.ª María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.ª Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.ª Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D.ª María de las Nieves Fuentes Bermejo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e nove minutos do día vinte e un de decembro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.ª María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.ª Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria accidental do Concello, D.ª María de las Nieves Fuentes Bermejo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 15 DE DECEMBRO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 15 de decembro de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (do Sr. alcalde, Rioboo Castro, e dos/as Sres./as concelleiros/as Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Liñares Gestal, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención da Sra. Iglesias Becerra, a cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada en data 15 de decembro de 2020.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 14 de decembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, relativo ao acordo da Xunta de Goberno do 11 de decembro de 2020 relativo á aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións ás agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña de concellos de menos de 50.000 habitantes para a adxudicación de equipamento de emerxencia durante o ano 2020. BOP núm. 215 do 16-12-2020.

- Resolución do 14 de decembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se dispón avogar a aprobación das bases do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2021 e aprobar as ditas bases. BOP núm. 215 do 16-12-2020.
- Resolución do 14 de decembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se dispón avogar a aprobación das bases do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de programas sociosanitarios no ano 2021 e se aproban as ditas bases. BOP núm. 215 do 16-12-2020.
- Resolución do 14 de decembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se dispón avogar a aprobación das bases de subvencións a entidades sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero no ano 2021 e aprobar as ditas bases. BOP núm. 217 do 18-12-2020.
- Anuncio do 14 de decembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, relativo ao acordo da Xunta de Goberno do día 11 de decembro de 2020 polo que se aproban as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixida aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2021. BOP núm. 217 do 18-12-2020.
- Anuncio do 17 de decembro de 2020, da Deputación provincial da Coruña, relativo a aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto do persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2021. BOP núm. 217 do 18-12-2020.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e asuntos da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
09/12/20	1798	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio.	***7124**	Dúas horas á semana (agás festivos).

**PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013					
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
09/12/20	1790	Conceder unha axuda económica.	***1672**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de setembro (275 €), outubro (400 €) e novembro (400 €) de 2020.	1.075,00 €

C.I.F. P-1503100-H

09/12/20	1791	Conceder unha axuda económica.	****44553*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xullo (25 €) e de agosto a outubro de 2020 (350 €).	1.075,00 €
09/12/20	1792	Conceder unha axuda económica.	***8251**	Pago da débeda acumulada de luz a novembro de 2020 para restablecer o servizo. Pago da débeda de subministro de gas acumulado a novembro de 2020. Pago do recibo de auga, correspondente ao terceiro trimestre de 2020.	630,52 € 387,73 € 56,75 €
09/12/20	1793	Conceder unha axuda económica.	***8452**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de setembro (315 €), outubro (380 €) e novembro (380 €) de 2020.	1075 €
09/12/20	1794	Conceder unha axuda económica.	***3441**	Pago de aloxamento, correspondente aos meses de setembro (400 €), outubro (400 €) e novembro (275 €) de 2020.	1.075,00 €
09/12/20	1795	Conceder unha axuda económica.	***2031**	Pago de recibo de auga, correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2020 e factura de reparación de instalación de auga. Pago de recibo de luz, correspondente aos meses de abril a novembro de 2020. Bono de transporte, correspondente á recarga da tarxeta de transporte durante seis meses (60 € cada un). Bono de alimentos tipo B, durante dous meses e cunha entrega mensual.	433,44 € 103,47 € 360 €
09/12/20	1796	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de	***0850**	Pago de recibos de luz (35,26 €) do mes de	

C.I.F. P-1503100-H

		pago.		outubro de 2020. Pago de recibos de gas (52,51 €) do mes de outubro de 2020.	
09/12/20	1797	Conceder unha axuda económica.	***4786**	Pago de aluguer, correspondente ao abono da fianza e o primeiro mes de aluguer.	760 €
09/12/20	1800	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	****6449*	Pago do recibo de gas, correspondente ao período de 11 de agosto de 2020 a 08 de outubro de 2020.	102,89 €
09/12/20	1801	Conceder unha axuda económica.	***8310**	Pago de carburante durante seis meses. Bono de alimentos tipo A, durante 8 meses dende a concesión e cunha periodicidade quincenal Bono de hixiene tipo A, durante 8 meses dende a concesión e cunha periodicidade mensual.	300,00 €

***TARXETA ESTACIONAMIENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
09/12/20	1799	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamiento por razón de discapacidade.	***0370**	Dez anos.

****SUBVENCÍONS CONCEDIDAS A ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO:**

Data da resolución	Nº resolución	OBXECTO
01/12/2020	1740	Recoñecer, con cargo a aplicación orzamentaria 2315-48900, a seguinte obriga a favor dos beneficiarios que xustificaron a aplicación dos fondos e ordenar o pago da liquidación das axudas concedidas.

Liña de actuación número 2: Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades en materia de igualdade, corresponsabilidade, loita contra a violencia de xénero e dinamización e empoderamento no ámbito da muller.

Beneficiario/CIF	Subvención concedida	Orzamento total a xustificar	Imposte xustificado (gasto exisíble)	Pago anticipado realizado	Importe a liquidar
***5078**	1.850,00 €	1.687,50 €	2.129,50 €	1.080,00 €	270,00 €

Liña de actuación número 2: Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades en materia de igualdade, coresponsabilidade, loita contra a violencia de xénero e dinamización e empoderamento no ámbito da muller.

Beneficiario/CIF	Subvención concedida	Orzamento total a xustificar	Imposte xustificado (gasto exisíble)	Pago anticipado realizado	Importe a liquidar
***5325**	1.350,00 €	1.687,50 €	1.298,33 €	1.080,00 €	41,34 €
***4643**	1.350,00 €	1.687,50 €	1.164,00 €	1.080,00 €	148,80 €

AREA DE SANIDADE:

PROMOCIÓN DA VIDA SAUDABLE: “Culleredo saudable” PLAN DE PREVENCIÓN DE TRASTORNOS ADICTIVOS AdicciÓN-OFF

“Adiccións no aire: adiccións en tempo de pandemia”

Dentro do Plan Municipal de Prevención de Trastornos Adictivos, *AdicciÓN/OFF*, e dado o momento actual no que nos atopamos, no que comprende realizar menos actividades de xeito presencial, a área de sanidade vese na obriga de buscar outras formas alternativas para poder achegar á poboación a información, orientación e os recursos que se necesitan en materia de drogas e outras condutas adictivas.

Xurde así o Programa de Radio “Adiccións no aire” que se desenvolverá na emisora municipal, Radio Culleredo, que consiste nun ciclo aberto de sesións no que se abordará este tema dende varios aspectos.

A primeira parte “Adiccións en tempo de pandemia” tratará o tema das adiccións no momento actual dende o punto de vista das entidades e profesionais que traballan a cotío nesta temática directamente, tanto por intervir con persoas afectadas e as súas familias, como, con toda a poboación en xeral, para prevenir este tipo de problemáticas.

Dende o martes 17 de novembro e durante 5 semanas, todos os martes de 11,30 a 12 horas, veñen participando na radio municipal de Culleredo profesionais de 5 asociacións especializadas para comentar cómo se atopan as adiccións neste tempo de pandemia.

As persoas participantes, profesionais con ampla experiencia, abordan os problemas derivados do consumo de alcohol e doutras drogas, así como doutras condutas adictivas vinculadas ao xogo, a tecnoloxía e redes sociais. Facilitan información e orientación e darán a coñecer os recursos dispoñíbles na nosa contorna.

DÍA: MARTES HORA: 11:30-12:00 h.	ASOCIACIÓN	PARTICIPANTE	TEMÁTICA
17/11/2020	AGALURE	GERARDO RODRIGUEZ (Secretario da Asociación)	Apostas e xogo on line
24/11/20	ANHIDA	JUAN RAMOS (Técnico da Asociación)	Menores con adiccións ás tecnoloxías
01/12/2020	UTACA	MANUEL LAGE (Psicólogo da Asociación)	O alcohol en tempo de pandemia
15/12/2020	ADAFAD	Mª JOSÉ LAMAS (Directora-Ps. da Asociación)	Familias e adiccións con e sen substancias en adolescentes e xóvenes
22/12/2020	ACLAD	XAQUELÍN CERQUEIRO (Traballadora Social da Asociación)	Recursos para previr e intervir no caso de adiccións

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

MÉRCORES 23 DE DECEMBRO

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Galeatro: *Muiñada*.

Entrada gratuíta. Aforo limitado polo COVID. Uso obrigatorio de mascariña.

Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597.

MÉRCORES 23 DE DECEMBRO

Contacontos coa Dragóna Ramona: *Crispín, o porquiño que o tiña todo*.

A través do Facebook do Concello.

MÉRCORES 30 DE DECEMBRO

Contacontos coa Dragóna Ramona: *Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis*.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02V0	USG/2020/194
Código de Verificación Electrónica (COVE)  1U4N 6R43 6H02 733F 0TPN	

A través do Facebook do Concello.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H